



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

COMITÉ DE APELACIÓN FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Recurso de Apelación: 1/ 2023
Solicitante: C.B.F. As choqueiras

RESOLUCIÓN

Visto o recurso de apelación presentado polo Club As Choqueiras, en data 28/02/2022, no que solicita a revogación da resolución 2223/432 imposta polo Comité Territorial de Competición na Acta 2223/18 por non estar de acordo coa valoración de antideportividade de afección e subsidiariamente pola aplicación do Regulamento, o aplicar reincidencia. Mediante a presente, procédese a resolver o recurso de apelación conforme os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- En data 16/02/2023 o Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, acorda entre outras medidas disciplinarias, na Acta nº 2223/18 acorda:

“9.- JUVENIL FEMENINO JORNADA 12.

Sancionar al club CBF AS CHOQUEIRAS DE REDONDELA, con MULTA DE CIEN EUROS (100 €), en aplicación del lo dispuesto en el artículo 53.a) RRDg del Rgto. de Régimen Disciplinario, por el comportamiento inadecuado y reiterado de sus aficionados durante el encuentro. Siendo este club reincidente.”



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

SEGUNDO.- Sanción que ven de ser recorrida polo club mediante recurso, presentado en tempo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Falta de proba en contra da resolución recorrida. E a proba obrante en Autos.

Nesa mesma resolución o Comité sanciona a unha oficial, o recurso acepta a sanción a súa oficial e recorre unicamente a sanción o clube de 100 €, primeiro por estar en desacordo coa existencia de conducta inadecuada.

O Comité de Competición non sanciona arbitrariamente, dende o punto e parte que o fai apoiándose na Acta do partido e os seus anexos. É unha proba válida, suficiente e ademáis forte pola presunción de veracidade da acta dos comportamentos da afección.

O clube alega o vídeo, pero éste en ningún caso descarga a existencia de esos comportamentos, non se distinguen verbas concretas, pero así as fixo constar nos anexos o equipo arbitral; O video non é proba en ningún caso de que non existiu esa conducta, porque para iso tería que verse a grada claramente e ter un son limpio e claro na súa integridade; así como que reflectise ós momentos concretos en que a grada comportouse de xeito antideportivo. O clube unicamente alega que dura 10 segundos, porque refiren o momento da expulsión; ós árbitros refiren a situación como continuada.

As Actas son proba de cargo suficiente por sí soas, pois teñen presunción de veracidade, salvo proba en contrario.

As Actas e contido das mesmas veñen regulados polos artigos 179 e 180 do Regulamento de Partidos e Competicións da Federación Española de Balonmán:



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

“os árbitros consignarán nas actas someramente, pero con absoluta claridade cantos incidentes ocorran durante o partido e con relación a o seu desenvolvemento, especialmente os casos de faltas contra a autoridade arbitral, agresións ou ofensas entre ou contra os xogadores/as, determinacións adoptadas, descontos de tempo e prórrogas, etc., refirindo os feitos pero absténdose de calificalos”

“A acta do partido, e no seu caso o anexo da acta redactado polos árbitros, constitúen unha das bases fundamentais e medio documental necesario para as decisións que haxa de adoptar o Comité de Competición. As declaracións dos árbitros e delegados federativos, que se formulen por escrito, presumense certas, salvo error materialmente manifesto ou probado po los órganos competentes.”

Dito isto, entendemos que o Comité de Competición debe dar credibilidade total ó que nela se recolle, e actúa correctamente incoando un expediente sancionador, este Comité de Apelación ratifica esa decisión do Comité de Competición de dar veracidade a Acta e non habendo proba en contra no recurso, únicamente manifestacións xa que o vídeo non exclúe en ningún caso a versión arbitral, non procede revogar a decisión sancionatoria.

SEGUNDO.- Procedemento disciplinario. Correcta aplicación da reincidencia.

O recurso parece reclamar subsidiariamente unha incorrecta aplicación do regulamento por terselle considerado reincidente.

Como o propio recurso sinala, un clube é reincidente cando foi sancionado na mesma xeira, así está fóra de dúbida que o club é reincidente conforme o artigo 10: sancionados na xornada 8 infantil feminina por no realizar alineación a traves da APP e polo mesmo na xornada 10 de xuvenil feminino, na xornada 1 do cadete feminino polo mesmo motivo ou sancionados por non levar os números nas camisetas na xornada 1 do alevín mixto, sempre con apercibemento; esas son algunhas das infraccións cometidas previamente e que **consolidan o seu estatus de reincidente**.

O regulamento esixe no caso de reincidencia a imposición de sanción económica, o mero apercibemento supondría aplicación incorrecta do regulamento, co que validamos a resolución do Comité Territorial de Competición, que ademáis a



impón na metade superior por esa reincidencia, e a modula pola discrecionalidade que ten para facelo, non por comparativa e ademáis neste caso impón unha sanción por debaixo da maior (150 €).

Este Comité quere deixar claro que non se emiten resolucións por comparativa, se o procedemento fronte outro clube fóse incorrecto, non daría carta branca a incumprir o regulamento en beneficio dos clubes. O clube recorrente pretende compararse cunha sanción imposta ao clube san tirso, son situacións distintas, en primeiro lugar e de xeito claro non hai reincidencia, polo que o regulamento permite aperceber. E en segundo lugar hai que ter en conta que os clubes non teñen acceso ós anexos ás actas arbitrais dos outros clubes e o que os árbitros consignan nos anexos é esencial para a decisión e modulación das sancións por parte dos Comités de disciplina. Non se pode comparar a situación dos clubes (reincidente e non reincidente), nin das actas (distintas) para tratar de modificar unha resolución, porque son situacións distintas. De feito si se prevaricase de tal modo non sería un recurso a unha resolución concreta tomada conforme regulamento o que procede, senón a impugnación das resolucións inxustas a outros clubes e a pertinente denuncia, que entendemos non cabe en xeito algún e simplemente se alega gratuitamente.

Así a sanción na metade superior é correctamente imposta, a un club reincidente. Cumpre impor unha sanción de 75 a 150 € por tanto, a imposición de 100 € de sanción é correcta.

O Comité territorial de competición seguiu o proceso e nese senso, confirmo a súa resolución polo cumprimento dos trámites procesais, xa que aplicou o RRDg rigurosamente.



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

RESOLVE

DESESTIMAR o recurso interposto polo Club CBF As Choqueiras, contra o acordo do Comité Territorial de Competición desta Federación de data 16 de febreiro de 2023 (acta nº 2223/18), **CONFIRMANDO O ACORDO** polo que se sanciona a o clube CBF AS CHOQUEIRAS DE REDONDELA, con MULTA DE CIEN EUROS (100 €), en aplicación del lo dispuesto en el artículo 53.a) do reglamento de Régimen Disciplinario.

Esta resolución esgota o trámite federativo, contra a mesma cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 15 días hábiles, dende a súa notificación.

Comuníquese aos interesados.

Vigo, 2 de marzo de 2023
A Presidenta do Comité de Apelación
Asdo. Laura González Solla